



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional**

Modelo MD81PLA04

Memoria anual do CIFP DE VILAMARÍN

Curso: 2023_2024

Índice_

	CAPÍTULO I.....	3
1	Proxecto funcional e Plan anual.....	3
	1.1 Grao de consecución de obxectivos.....	3
2	Orzamento: revisión e valoración do curso.....	3
3	Organización de Servizos complementarios: valoración (de ser o caso).....	3
	CAPÍTULO II.....	4
1	Grao de consecución das programacións das accións formativas.....	4
	CAPÍTULO III.....	5
1	Memorias anuais das áreas funcionais.....	5
	1.1 Área de Calidade, Innovación e Orientación Profesional.....	5
	1.2 Área de Formación.....	5
	1.3 Área de administración e xestión.....	5
2	Memorias dos departamentos didácticos.....	5
3	Memorias dos departamentos non didácticos.....	5
4	Análise das actividades complementarias á formación do alumnado.....	5
	CAPÍTULO IV (Revisión do Sistema de Xestión Calidade).....	6
1	Análise de indicadores de Proceso.....	6
2	Avaliación de Auditorías e NC do SXC.....	6
	2.1 Resultado das auditorías internas e externas.....	6
	2.2 Xestión das NC e estado das accións correctivas.....	6
3	Revisión do DAFO/Partes interesadas/Riscos e Oportunidades.....	6
4	Satisfacción das partes interesadas.....	6
	4.1 Análise Enquisas.....	6
	4.2 Análise SQRs.....	7
5	Valoración de Provedores.....	7
6	Recursos: adecuación e necesidade.....	7
7	Necesidades de cambio no sistema.....	7
8	Propostas de mellora.....	7

CAPÍTULO I

1 Proxecto funcional e Plan anual

1.1 Grao de consecución de obxectivos

O Proxecto Funcional do CIFP De Vilamarín foi aprobado no Consello Social do 20.12.2023, polo que leva vixente durante este curso 2023/24, sendo a súa duración prevista para 4 anos. Este curso non se fixo ningunha modificación no mesmo ata o momento actual e procederase á súa revisión a comezos do vindeiro curso 2024-2025.

En relación aos obxectivos recollidos no Plan Anual do centro (MD81PLA02) E NO MODELO DE Seguimento de obxectivos (MD62XES02), cabe destacar que dende o centro decidiuse establecer 9 obxectivos para este curso dos cales 8 son tamén os estratéxicos e establecidos no plan funcional e 1 é un obxectivo de centro. Algunhas das accións establecidas terán continuidade no vindeiro curso.

Deste total de 9 obxectivos, tal e como se pode comprobar en EDUCALIDADE no modelo de seguimento de obxectivos MD62XES02, 6 foron realizados e 3 están aprazados para o vindeiro curso 24_25. Expuxéronse 25 accións das cales realizáronse ou finalizáronse 21 delas.

En relación aos obxectivos aprazados, cabe destacar que cada un deles levaba asociada máis dunha acción e en dous deles realizáronse algunhas accións. Se analizamos un a un os **obxectivos aprazados** este é o resultado de cada un deles:

- Obxectivo 2. "Incrementar o número de cidadáns con competencias profesionais acreditadas..." Este obxectivo leva implícito a promoción do procedemento ARA entre o tecido produtivo das familias profesionais coas que conta o centro e si ben é certo que durante o segundo e terceiro trimestre incrementamos notablemente o asesoramento de novos candidatos de todos os niveis, non se fixo promoción entre as empresas, tal e como se pensaba facer desde o departamento de ARA, agás a promoción que fixo a nosa responsable de FP dual do centro na busca de empresas colaboradoras. Tamén é certo que este foi o noso primeiro ano de CIFP e este proceso non o tiñamos ben traballado e faltaba comunicación entre as diferentes comisións. Este aspecto de promoción, **será un aspecto a mellorar neste departamento no noso centro e será exposto no Plan anual do CIFP de VILAMARÍN.**
- Obxectivo 5. "Mellorar a capacidade dixital de centro con repercusión no alumnado" este obxectivo tiña 3 accións asociadas, das cales solo unha foi aprazada para o vindeiro curso. Esa acción está relacionada ca actualización anual do Plan Dixital cuxos obxectivos foron acadados no 81.81% (o indicador de calidade marca un mínimo do 85%), sen embargo, tal e como indica a coordinadora de TIC este indicador ao ser anual, aínda ten obxectivos nos que se seguirán traballando no primeiro trimestre do vindeiro curso 24-25.
- Obxectivo 7. "Impulsar a internacionalización da FP e concretamente do centro..." Este obxectivo tiña asociadas 5 accións das cales aprazáronse 2. A primeira está relacionada coa participación no programa E-Twinning. Se ben é certo que o equipo de profesorado implicado traballou na implementación do mesmo, un problema co socio portugués no primeiro trimestre, fixo que non tivéramos tempo para buscar outro e realizar este programa xa que parte do alumnado implicado xa se marchaba para as prácticas de empresa. **Esta acción volverase a incluír no plan anual do curso 24-25**

A segunda acción aprazada foi a de elaborar un proxecto propio de Erasmus a curto prazo. Neste caso un dos maiores problemas que nos atopamos e aínda non solucionamos foi o cambio de nome (de IES a CIFP) no SEPIE e aínda que se levou a cabo un PFPP e formouse un equipo ERASMUS no centro, non nos deu tempo a concretar esta acción, que **se incluírá novamente no plan anual do vindeiro curso tendo en conta que xa temos un equipo de profesorado implicado para levar a cabo esta acción.**

2 Orzamento: revisión e valoración do curso

No Plan Anual de centro (MD81PLA02) recollíase no apartado do orzamento unha previsión de ingresos e gastos para o curso que se viron modificados do seguinte xeito:

a) Previsión de ingresos:

En relación coa previsión de ingresos recollida no Plan Anual 2023_2024 que se refería ao ano 2023, recibíronse no 2023 os seguintes ingresos a maiores do previsto:

PARTIDAS	Importe
Programa Lectura e Familias 23/24	500,00 €
Plan PROXECTA 2023/24	250,00 €
InnovaTech	500,00 €
Proxecto Formación Profesorado Curso 23/24	2.577,09 €
Club de lectura 23/24	1.100,00 €
Acreditación competencias lingüísticas centros pub.Ourense 2023	700,00 €
Contrato programa CPINCLUE 2023/24 Provisional	3.500,00 €
ARA GASTOS FTO IES SECUNDARIA 2023 Setembro 23 Novembro 23	1.441,00 €
Anticipo gastos de funcionamento (complementarios) do 2024	30.269,00 €
Achegas de particulares para o pagamentos dos servizos de comedor e residencia.	85.370,77 €

A maior parte destes ingresos procedían da Xefatura Territorial da Consellería de Educación, ben por ter concedido o centro os diferentes programas solicitados, por decisión propia da Consellería no caso do anticipo de gastos de funcionamento ou por achegas de particulares polos servizos de comedor e residencia. Destacar que a diferenza dos ingresos previstos neste último concepto e os presupostados son a consecuencia dun orzamento de ingresos para este concepto elaborado a baixa dada a incerteza sobre a súa realización efectiva, como número de residentes ou servizos de comidas a realizar.

En canto ao ano 2024 e ata data actual os ingresos recibidos foron os seguintes:

PARTIDAS	Importe
Aula Emprendemento 2024	5.000,00 €
ARA Gastos admisión, ases e aval Novembro 23 Decembro 24	1.835,00 €
Campionatos Skills 2024	275,00 €
Mobilidade profesorado proxecto 2022-1-ES01-KA121H	5877,00 €
Auditoría CIFP 2024	1.129,33 €
RAOGAL	800,00 €
Achegas de particulares para o pagamentos dos servizos de comedor e residencia	59.408,60 €
40% Gastos de funcionamento Educación Secundaria	93.600,00 €

30% Gastos de funcionamiento Educación Secundaria	70.200,00 €

b) Previsión de gastos.

Os gastos non sufriron, ata o momento, variacións respecto ao previsto, salvo nos seguintes casos. Gastos de provisións, materias primas e gastos de combustible e electricidade que aumentaron proporcionalmente aos ingresos/servizos prestados tanto no comedor como na Residencia. Como gastos extraordinarios destacar a adquisición dun forno para os talleres de hostalería e os gastos derivados da limpeza e certificado OCA do depósito de combustible. En canto as obras de ampliación suporán unha serie de gastos ao ter que acondicionar espazos para novas necesidades como son a unión dos vestiarios da zona das aulas 300 no Edificio 2.

Comentar que xurdiron gastos en base as distintas convocatorias que deron lugar a ingresos extraordinarios e que se reflectiron no apartado anterior.

En relación a proxectos aprobados destacar que na actualidade estase a solicitar orzamentos para a adecuación de espazos para a realización dos proxectos de Innovación premiados "Receptrónica" e o proxecto seleccionado no programa Espazos de tecnoloxía aplicada na Formación Profesional no ano 2024 "Aula Labintec Laboratorio de investigación tecnolóxica", estando na fase de valoración das partidas que pode asumir o centro e as que poden asumirse con cargo ao proxectos. Destacar a falta de ingresos no momento de redacción desta memoria das partidas económicas concedidas para os tres curso AFD, dous xa rematados e un desenvolvéndose na actualidade, estando pendente de pago da maior parte das facturas salvo aquelas nos que os provedores solicitaron o pago.

Se temos que realizar unha **valoración resumen da adecuación do orzamento para acadar os obxectivos do CIFP no curso 23_24**, poderíamos indicar dúas situacións coas que nos atopamos.

En primeiro lugar os obxectivos que foron ligados a unha partida finalista non houbo ningún problema para adecuar o ingreso ao gasto.

En segundo lugar, a partida dos gastos de funcionamento, no caso do CIFP de Vilamarín sufriu un incremento moi importante respecto a anos anteriores debido ás especialidades que se imparten e ao aumento dos custes das materias primas e principais subministracións principalmente electricidade e gasóleo e outras casuísticas propias do centro como antigüidade dos Edificios, extensión de terreo a manter, Residencia de estudantes e as especialidades impartidas.

Estes condicionantes provocaron que non poderamos afrontar certos pagos de provedores ata finais do mes de abril que se recibiu a primeira partida de gastos de funcionamento 40% ou ter pendente pagos de cursos AFD por falta de ingreso da partida correspondente.

Como conclusión destacaríamos cara o vindeiro curso tendo en conta o orzamento comunicado que faise cada vez máis necesario implementar medidas de redución de gastos e buscar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles buscando un desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente.

3 Organización de Servizos complementarios: valoración (de ser o caso)

Os servizos complementarios dos que dispoñía o CIFP de Vilamarín este curso foron os seguintes:

- Servizo de residencia:

A residencia do CIFP de Vilamarín permaneceu aberta de luns a venres, condicionada ao horario escolar que foi establecido ao comezo do curso académico 2023/24.

De xeito habitual, a residencia funcionou desde os luns as 08:15 horas ata os venres as 16:45 horas.

No caso de que durante a semana houbera un día festivo, a residencia pechou ás 20:00 horas do lectivo (non se realizou o servizo de ceas) e a apertura fíxose de novo o primeiro día lectivo co horario establecido.

A hora de erguerse do alumnado residente realizouse ás 07:30 horas e a de deitarse ás 23:00 horas.

As prazas ofertadas da residencia do CIFP de Vilamarín foron 42 e cubríronse 40 ao longo de todo o curso (algún alumnado que se acolleu ao uso do servizo de residencia, cursou baixa no primeiro trimestre, unha por traslado de matrícula e outro por faltas de conduta contrarias á convivencia escolar, quedando esas dúas prazas sen cubrir), segundo se detalla de seguido:

- Alumnado de ciclos formativos de grao básico: 7 prazas.
- Alumnado de ciclos formativos de grao medio: 18 prazas.
- Alumnado de ciclos formativos de grao superior: 15 prazas.

Propostas de mellora:

De cara ao comezo do novo curso escolar, pretenderase potenciar as actividades deportivas e difundir entre a comunidade educativa a necesidade de levar unha vida activa propiciando, que o alumnado da residencia escolar, incrementa a súa carga de actividade física realizada no ámbito do centro educativo, experimentando novas formas e modelos para conseguir unha condición física máis saudable e a adoptar uns hábitos de vida máis activos, así coma o reforzo de horas de estudo obrigatorio, incorporar ás habitacións cronogramas de organización da mesma e de hábitos de vida saudables.

Do mesmo xeito, tentarase mellorar e facer máis partícipes na organización académica ao persoal coidador do alumnado da residencia cos/as distintos titores/as dos ciclos formativos, axudándolles na xestión do tempo de estudo.

Co fin de darlle unha solución ao alumnado do Programa Retorna Talento FP, na modalidade de Dual intensiva de 1º curso, que se incorporan ao centro educativo no mes de febreiro para asistir ás empresas en marzo, tentarase facilitarlle o uso da residencia incluíndo as fins de semana.

- Servizo de comedor:

O alumnado residente acatou as normas de funcionamento do comedor especificadas polo CIFP de Vilamarín e accedeuse ao comedor de forma axeitada e coas medidas de hixiene apropiadas.

Realizouse o seguinte horario para acceder ao comedor:

Almorzo: 08:00h - 08:30h.

Tentempé: 11:30h -12:00h.

Xantar: 15:00h ou ás 14:00h cando o horario de clases o permita (13:30h se é alumnado implicado no servizo).

Merenda: 18:00h-18:30h.

Cea: 20:30h.

O alumnado externo e o profesorado fixo uso do servizo de comedor no seguinte horario, segundo a organización interna do mesmo:

De luns a venres ás 15:00 horas.

De xoves a venres ás 14:00 horas.

Ao longo deste curso académico, ofertouse un servizo de xantar no restaurante pedagóxico aberto ao público tanto para persoas alleas ao centro, así como para toda a comunidade educativa, seguindo en todo momento ás decisións dos departamentos profesionais implicados (martes e xoves).

Número de prazas máximas ofertadas:

Residentes 42

Persoal laboral 7

Xantar alumnado + profesorado = 30

Propostas de mellora:

Promoveranse e fomentaranse hábitos de vida saudables a través da alimentación na comunidade educativa a través de dietas equilibradas e utilizando produtos de calidade que garantan unha alimentación e desenvolvemento idóneo.

Facilitándose, deste xeito, a adquisición dos coñecementos, habilidades, valores e actitudes necesarios para poder realizar as eleccións alimentarias saudables como consumidores responsables e por medio de decisións ben informadas.

- Servizo de transporte:

O servizo de transporte de liña regular funcionou segundo os horarios e as paradas previstas a comezo do curso 2023/2024.

Propostas de mellora:

Preténdese consolidar as frecuencias horarias establecidas no curso 2023/24 e aumentar unha nova parada no concello de Barbadás pois, todos os cursos, contamos con alumnado desa localidade matriculado no centro.

Do mesmo xeito e co fin de organizar e facilitar os desprazamentos desde outros concellos autonómicos do alumnado residente, daráselle continuidade á proposta comezada no curso 2023/24 de realizar unha parada na estación intermodal de Ourense, os luns ás 07:50 horas e os venres no autobús que sae do CIFP de Vilamarín ás 16:45h.

Como oferta ao alumnado da residencia que teña que desprazarse a Ourense algún día de semana para a súa xestión de trámites, sería oportuno contar cunha liña de subida ás 21:00 horas, combinable co que baixa do centro educativo ás 21:45 horas, facendo parada no CIFP de Vilamarín.

- Servizo de taquillas:

O CIFP de Vilamarín dispuxo do servizo de alugueiro de taquillas para o alumnado que o precisou. O alugueiro das taquillas implicou a aceptación por parte do alumnado das normas de uso das mesmas.

Para ter asignada unha taquilla foi preciso aboar unha fianza de 10 Euros en concepto de garantía de bo uso, así como asinar o preceptivo documento onde se detallaban as normas de uso. O alumnado usuario da taquilla fíxose responsable do bo uso da mesma, salvo algún que outro pequeno contratempo coma por exemplo, o extravío de chaves, rotura de porta ou algunha pintada nas mesmas. Os danos ocasionados polo mal uso da taquilla foron reparados con cargo á fianza depositada no momento do alugamento, e esta foi devolta, en efectivo ao alumnado responsable, unha vez entregada a chave e comprobado polo persoal subalterno que non se apreciasen danos materiais.

O CIFP de Vilamarín non se fai responsable dos obxectos extraviados, roubados ou esquecidos nas taquillas, polo que se recomendou en todo momento non gardar nelas obxectos de valor, así como facer especial dilixencia no peche das mesmas.

Proposta de mellora:

De cara á nova localización da zona de taquillas ao remate da ampliación que se está a realizar no obradoiro de panadaría-pastelería, preténdese regular un horario e control de acceso co fin de evitar o deterioro das mesmas.

- Biblioteca do centro:

A biblioteca escolar do CIFP, integrada ao PLAMBE desde o curso 2020-2021, ofreceulle á nosa comunidade educativa un espazo polivalente de lectura, estudo e lecer con fondos e equipamentos dixitais actualizados para poder atender ás súas necesidades educativas. Como recurso aberto e integrado no sistema de formación, o funcionamento dos servizos da biblioteca escolar estivo asegurado pola coordinadora da biblioteca, o equipo de apoio e o profesorado de garda permitindo unha atención ao usuario para préstamos, consultas, estudo ou lectura.

A biblioteca do centro, a través do Plan anual de lectura, organizou e promoveu actividades vencelladas ao Calendario do Libro e a Lectura e ás efemérides marcadas pola Orde que desenvolve o calendario escolar, co fin de fomentar a competencia lectora incentivando a interdisciplinabilidade e mellorando as competencias transversais como puido ser o traballo en equipo ou a competencia dixital. Dentro do seu labor activo, na formación do alumnado, colaborou cos distintos departamentos organizando actividades complementarias como obradoiros de conversa en lingua estranxeiras, de oralidade ou de apoio en lingua nos ciclos básicos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Finalmente, as actuacións formativas da biblioteca traducíronse tamén pola súa participación en programas promovidos desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como son o Club de lectura, as Bibliotecas Escolares Solidarias ou Lectura e familias participando deste xeito na dinamización cultural do centro.

Proposta de mellora:

No curso 2024/25 pretenderase impulsar o traballo colaborativo por proxectos desde a biblioteca escolar do centro co fin de fomentar a interdisciplinabilidade.

CAPÍTULO II

1 Grao de consecución das programacións das accións formativas

En total no centro temos 180 programacións das cales:

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

As programacións do departamento de industrias alimentarias cúmprense nun 100% porque todas desenvolveron máis do 80 % do que se programou.

FOL

Nas programacións do departamento de FOL só acadaron o 66,67 % de cumprimento da programación en máis dun 80%. Esta circunstancia débese ao descuadre de sesións a horas do módulo, agás outras actividades que interromperon o desenvolvemento diario das clases.

CIENCIAS NATURAIS

As programacións do ámbito científico acadaron o 100% de cumprimento.

INGLÉS

As programacións acadaron o 100% de cumprimento.

FRANCÉS

As programacións acadaron o 100% de cumprimento.

AGRARIA

As programacións acadaron o 100% de cumprimento.

HOSTALARÍA E TURISMO

No departamento de hostalaría e turismo non está feito o documento MD85PRO06 de entrega de memorias, polo que non temos os datos do porcentaxe da programación.

CAPÍTULO III

1 Memorias anuais das áreas funcionais

3.1 Área de Calidade, Innovación e Orientación Profesional

A memoria desta área está recollida no modelo MD85PLA13, atópase subida na plataforma Educalidade e dela extraeráse algunha das propostas de mellora deste documento, sendo o logro máis destacable desta área neste curso académico o feito de que se duplicou o número de convenios asinados para FP Dual en relación co curso pasado.

3.2 Área de Formación

A memoria desta área está recollida no modelo MD85PLA13, atópase subida na plataforma Educalidade e dela extraeráse algunha das propostas de mellora deste documento, sendo o logro máis destacable desta área neste curso académico a mellora nos distintos aspectos relevantes de procedementos e protocolos de actuación relativos á xestión documental.

3.3 Área de administración e xestión

A memoria desta área está recollida no modelo MD85PLA13 e atópase subida na plataforma Educalidade e dela extraeráse algunha das propostas de mellora deste documento, sendo o logro máis destacable desta área neste curso académico a adaptación administrativa e de procedementos dun IES a un CIFP con todas as vantaxes asociadas en canto a materia de prevención de riscos, tanto a través das achegas da Comisión de Seguridade e Saúde Laboral (CSSL) e o respectivo plan de mantemento.

4 Memorias dos departamentos didácticos

As memorias dos distintos departamentos didácticos están recollidas no modelo MD85PLA06, e atópanse subidas na plataforma Educalidade e delas extraeráse algunhas das propostas de mellora deste documento, sendo os logros máis destacables dos distintos departamentos didácticos os seguintes:

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

- Solicitar algunha hora do profesorado para levar a cabo unha dinamización de mantemento dos obradoiros de panadaría e pastelería.
- Facer a proposta de revisión de limpeza e orde ao principio do curso para que todo o profesorado revise o estado dos alimentos, que estean protexidos, identificados e en correcto estado
- Cumprimentar os rexistros de control por parte de todo o profesorado e alumnado que usa o obradoiro (control de orde e limpeza, de Tª de cámaras, nivel de cloro, compostos polares...) coa frecuencia precisa.
- Actualizar constantemente o inventario contribuindo á súa orde.
- Manter unha comunicación eficaz das incidencias.

- Propoñer e solicitar á dirección horas para a dinamización no departamento de INA, co obxectivo de crear material audiovisual coas actividades que se fan nas aulas para que o equipo de TIC's o publique nas RS, reflectindo o dinamismo que hai nas actividades co alumnado.
- Estudar e desenvolver unha actividade de colocación na maquinaria de códigos QR de enlace ao funcionamento, mantemento de cada equipo situado no obradoiro.
- Mellorar o espazo punto de venda e dotalo de maior especialización. - Elaborar unha relación actualizada de empresas para a realización da FCT.
- Solicitar á dirección do centro unha nova proposta de AFD de Pastelería e/ou panadaría-bolaría.
- Organizar cursos de formación con propostas ao "CGIFP Eduardo Barreiros" e/ou ao CEFOR.
- Se a carga horaria o fai posible, participar en proxectos de innovación/colaboración.
- Continuar coa actualización do "Manual de organización e xestión do departamento".

Hai outras propostas de mellora das programacións e tamén relacionadas co plan de calidade que veñen recollidas nas memoria do departamento de industrias alimentaria no modelo MD81PLA06

FOL

A implantación no vindeiro curso da nova Lei de FP, que afecta directamente aos módulos do Departamento de FOL, fai que vaimos dedicar moito esforzo para adaptarnos a esta nova realidade, da cal iremos coñecendo os detalles a partir do mes de setembro. Aínda así, esperamos ter tempo para mellorar os seguintes aspectos:

- Realizar unha profunda revisión das programacións dos módulos que imparte o departamento, non só para adaptalas á nova realidade, senón tamén para corrixir defectos que foron atopados na auditoría externa do 18 de abril, na que se auditaron as programacións dunha docente do departamento. Prestaremos especial atención aos mínimos esixibles, temporalización e instrumentos de avaliación.
- Publicitar correctamente as programacións en Moodle, para o cal é preciso escoller o exemplar que XADE xera para profesorado e non o de alumnado (este último non contén os mínimos esixibles, xa que non reproduce o apartado). Outra opción é incluír no apartado catro da programación da versión para o alumnado, os mínimos esixibles, asegurando deste xeito a publicidade dos mesmos

CIENCIAS APLICADAS

- Sería aconsellable unificar algunhas unidades (como as de química), ou integrar contidos comúns nunha soa unidade didáctica.
- Incorporar novas metodoloxías e actividades que motiven máis ao alumnado. Por exemplo, recoméndase programar actividades curtas e variadas, manipulativas, de procura de información ou de expresión oral en público.
- Flexibilización a hora de realizar as probas escritas e na temporalización das actividades. A final de curso detectouse que a algúns alumnos resúltalles máis doado ser examinados oralmente.
- Mellora da convivencia. Para unha mellor convivencia entre profesorado e alumnado resultou eficaz unha implicación emocional cos mesmos. Interesarse polos seus problemas cotiás e intentar mostrarlles preocupación polo seu desenvolvemento.

INGLÉS

- Evitar o solapamento de funcións.

- Facer unha organización de reunións máis factible atendendo ao calendario de reunións de equipo superiores para poder trasladar os contidos das mesmas en tempo e forma. Enténdese que será máis doado porque é o segundo ano como CIFP.

- Ter unha ou máis aulas de idiomas con son surrounding, xa que temos que levar altosfalantes a cada clase, ordenadores para os/as alumnos/as na aula; todo o que facilite o desenvolvemento da ensinanza dun idioma.

FRANCÉS

Para o mellor cumprimento das funcións do equipo, as propostas de mellora son as seguintes:

- Mellorar a definición dos obxectivos revisando o DAFO establecido dende o departamento de Dinamización de idiomas.

- Implementar un sistema de feedback continuo para medir o impacto das publicacións e realizar axustes conforme sexa necesario.

- Ademais da propostas que xorden na elaboración desta memoria do departamento débese valorar a incorporación das que proceden:

- Mellorar e optimizar a coordinación entre os membros do equipo xestión de actividades conxuntas e a programación de eventos culturais.

- Incorporar elementos interactivos e tecnolóxicos nas actividades para facelas máis atractivas e efectivas.

- Mellorar a participación e a motivación do alumnado e profesorado.

AGRARIA

Non hai propostas de mellora

HOSTALARÍA E TURISMO

Non hai propostas de mellora porque non se entregou en tempo e forma a memoria do departamento.

5 Memorias dos departamentos non didácticos

As memorias dos distintos departamentos non didácticos están recollidas nos respectivos modelos MD85PLA10, MD8512, MD8514.. que se atopan subidos na plataforma Educalidade, e dos que se extraen algunhas das propostas de mellora deste documento, sendo os logros máis destacables dos distintos departamentos non didácticos, os seguintes:

Propostas de mellora da Área de Calidade:

- A comunicación interna co profesorado, pois foi unha das suxestións tratadas no claustro do 27 de xuño, para isto a proposta que fixen foi a de por en funcionamento para o vindeiro curso uha ferramenta como axenda compartida do correo corporativo.

- Procura de novas empresas para colaboración do currículo de ciclos Dual, tendo en conta a nova Ley de FP.

- Realizar para todas as guías un documento visual (diagrama) dos procesos máis importantes.

- Seguir cos plans de formación e innovación, PFFP, e proxectos.

- Desenvolver un plan estratéxico de promoción do CIFP durante todo o curso 2024/25 co obxectivo de catar alumnado para aumentar a matrícula

Propostas de mellora do departamento de calidade e innovación:

- Realizar a principio de curso un calendario de reunións en colaboración coas XD.
- Proposta dun modelo de caderno de aula sinxelo a nivel interno do centro.
- Elaboración de guías documentais e visuais sobre a xestión do SXC, especialmente para o profesorado de nova incorporación.
- Elaboración dunha xornada de formación sobre o SXC, especialmente para o profesorado de nova incorporación.
- Solicitar á Xunta de Galicia que as xestións sobre o tema de programas internacionais non se atrase tanto e que se axusten ao calendario real dos tempos de realización, principalmente á realización da FCT, xa que os atrasos tanto en convocatorias como en pagos, fai que o alumnado con menos posibilidades económicas non poida acceder a estes programas.

Propostas de mellora do departamento de relación coas empresas:

- Informar aos titores das casuísticas que poden xurdir, como: baixas, falta de asistencia que superen o establecido etc, para que transmiten o seu alumnado.
- Concienciar ao profesorado da importancia que ten tramitar a documentación en tempo e forma e a necesidade e obrigatoriedade de facelo.
- Informar ao alumnado do centro médico o que debe acudir en función do centro de traballo, e procedemento de atención médica en caso de necesitalo.

Propostas de mellora do departamento de Acreditación e Probas:

- Desenvolver actividades de promoción do proceso ARA durante todo o curso.
- Establecer contactos con empresas que contén con traballadores non acreditados para unha posible implementación do proceso de avaliación no centro de traballo.
- Establecer un prazo máximo as comisións de 3 meses para resolver o procedemento.
- Para o vindeiro curso e preciso requirir unha maior dilixencia no enchemento das enquisas de calidade xa que malia que os datos son positivos, existen comisións cun número insuficiente de enquisas.

Propostas de mellora do departamento de DIOP:

- Como principal proposta de mellora, facer máis presente no Centro a figura de orientación e súa función cada vez máis necesaria de apoio persoal a todo o alumnado así como a nivel académico e, facendo unha presentación a todos os cursos especialmente nos ciclos de básica, e potenciar o apoio ao estudo e a oferta do Programa de Habilidades Sociais e Autoestima.

- Nos ciclos de básica o alumnado de nova incorporación, incidir a importancia de na Xornada de presentación do curso académico asistan os pais/nais/titores legais.
- Ofrecer ao profesorado un espazo de confianza e apoio/persoal desde este departamento, para mellorar a convivencia. Dar apoio persoal ao profesorado en momentos que o necesiten.
- Mellorar a confección das actas, con explicacións máis detalladas. Facer actas de reunión individual co profesor e alumnado.
- Seguir traballando na atención a diversidade en xeral (con e sen certificación de discapacidade) como ata agora.

6 Análise das actividades complementarias á formación do alumnado

En relación coas actividades complementarias á formación do alumnado debemos indicar que é un dos aspectos que entendemos que require de unha mellora de cara ao vindeiro curso, entre outras cousas pola falta de comunicación a nivel interna entre o profesorado encargado da actividade e o resto de docentes, sobre todo porque somos un centro onde se fan moitas ACFs e moitas delas poden ser de interese para outros cursos e desa forma pódese aproveitar os recursos, poñentes, etc para máis alumnado. Por outra banda, estamos tendo problemas coa realización da enquisa por parte do profesorado, que non se acorda de realizala. Desde o centro cremos que a realización dunha enquisa despois de cada actividade daranos unha información máis precisa sobre a idoneidade ou non das ACFs realizadas.

Ademais do anterior, temos que indicar que si ben, dentro do SXC o rol de Xefe de área de Administración e Xestión é o encargado das actividades complementarias á formación do alumnado, no noso centro debido á alta carga de traballo do noso secretario, lévase desde a Área de Calidade, Innovación e Orientación Profesional, tal e como viñamos facendo antes de convertermos en CIFP.

Este curso realizáronse moitas ACF e intentamos seguir un procedemento máis preciso que o que simplemente nos indica o SXC pero non nos foi ben. De cara ao vindeiro curso tentaremos realizar unhas pequenas guías visuais para que os titores e profesorado vexa de forma sinxela o proceder para a realización destas actividades e así o levaremos ás propostas de mellora de cara ao vindeiro curso.

CAPÍTULO IV (Revisión do Sistema de Xestión Calidade)

1 Análise de indicadores de Proceso

NON PROCEDE	RESULTADO POSITIVO	RESULTADO MELLORABLE
-------------	--------------------	----------------------

	INDICADOR	ANÁLISE
	Grao de cumprimento de obxectivos	Dos 9 obxectivos planeados polo centro este curso 23/24 realizáronse ou finalizáronse 6 deles. Sen embargo hai que ter en conta que en total programamos 25 accións no plan anual, das que forno aprazadas para o vindeiro curso 4 delas, polo que se realizaron ou finalizaron 21 de todas as programadas no plan anual o que supón o 84% do total de accións programadas.
	Grao de efectividade da calibración	Non procede este indicador xa que no centro non hai ningún ciclo nin módulo nesa situación.
	Grao de satisfacción coa formación realizada polo centro (interna)	<p>O centro levou a cabo tres formacións ao longo deste curso, unha por trimestre. O primeiro trimestre, en colaboración con TICS, realizouse unha formación relacionada con Abalar Pro, no segundo relacionado con redes sociais e o terceiro coa configuración de Chat GPT. Esta última formación foi proposta pola responsable de formación pero ao ter moita aceptación por parte do profesorado xestionouse a través do CFR para que puideran certificar.</p> <p>A formación acadou unha valoración media de 3.4 (3.59 no primeiro e 3.22 no segundo trimestre), considerada unha puntuación moi alta e por encima do criterio de aceptación do SXC que está en 2.8. No caso do curso do terceiro trimestre, ao pasalo ao CFR non dispoñemos do resultado da enquisa pero o sentir do profesorado participante foi moi satisfactorio.</p> <p>Aínda que non se preveu no plan anual de centro nin na programación específica de formación xa que aínda non saíra a convocatoria, destacar que 2 profesores do departamento de hostalaría e turismo realizarán a finais de xuño unha estadía formativa en empresas do sector para mellorar a súa formación.</p> <p>Con respecto ao PFFP Coavaliación mediante observación na aula, participaron 13 docentes, un 24% do claustro de profesorado e titularon todos eles. Hai que ter en conta que este programa de formación estaba destinado ao alumnado de FP Básica.</p> <p>No que respecta aos PFFP certificaron o 100% dos docentes matriculados. No Xornal dixital Vilamarín 17 docentes, A radio na escola: unha ferramenta de aprendizaxe, 7 docentes, Maior proxección e máis oportunidades internacionais para a educación e a formación. Erasmus + 10 docentes Un total de 23 docentes certificaron horas neste tipo de proxectos o que corresponde ao 44% do profesorado total do centro.</p>

	Grao de satisfacción na acollida	<p>O 100% do persoal que cubre o cuestionario de acollemento de profesorado cumpre cando menos 9 dos ítem previstos no mesmo. De todos eles o ítem que recibe menor valoración é a guía do profesorado xa que ao ser o noso primeiro ano de CIFP esta guía foi elaborada ao longo do curso.</p>
	Grao de cumprimento de provedores homologados	<p>A secretaría comunicou a súa satisfacción xeral cos provedores do centro. Desde secretaría, ao ser este o noso primeiro curso, enviouse aos diferentes provedores un correo electrónico indicándolles que pasarán a ser valorados polo seu servizo. Os incidentes acaecidos durante o curso estiveron limitados a pequenos erros habituais na documentación de albaráns e facturas sobre todo relativos ao nome do centro que pasou de IES a CIFP este ano, que se solventaron sen problema e non son merecedores da apertura dunha non conformidade.</p> <p>Cambiarase de provedor de máquinas VENDING por mellora de oferta de produtos e posibilidade de pago telemática.</p> <p>Cabe destacar tamén con respecto aos nosos provedores a súa paciencia á hora de cobrar as diferentes facturas xa que este ano debido a que a Xunta non ingresou algunhas das partidas, os pagos foron retrasados entre 3 e 4 meses o que incide á hora de negociación cos provedores.</p>
	Grao de cumprimento coas accións preventivas de mantemento programadas no trimestre	<p>Durante os dous primeiros trimestres programáronse 11 accións relativas a mantemento e realizáronse as 11. Durante o terceiro trimestre tíñanse programadas 17 accións e realizáronse as 17. Cabe destacar que a auditora externa indicou que tiñamos ben feito o apartado de mantemento agás unha revisión da caldeira debido a que a Xunta non nos enviou o número de rexistro de industria que xa temos neste momento.</p>
	Grao de satisfacción do alumnado co proceso APF (Acreditación, probas e formación non regrada)	<p>A enquisa sobre as ARA lanzouse ao alumnado despois de cada proceso de avaliación realizado, polo que podemos dicir que estivo operativa durante todo curso.</p> <p>Analizando os informes parciais, podemos ver que as enquisas realizadas na familia de agraria non acadou o mínimo para que as enquisas foran válidas segundo o SXC con un 33.33% de participación. No caso da Familia de Hostalaría e turismo acadou un 100% de participación durante o terceiro trimestre e un 66.67% no segundo trimestre. Ambas válidas segundo o sistema de xestión de calidade.</p> <p>A valoración media de todo o alumnado participante nesta enquisa de satisfacción do proceso ARA foi DE 4 puntos no terceiro trimestre e de 3.93 no segundo trimestre o que se considera unha valoración moi boa dentro do SXC . A valoración media final foi de 3.96, moi boa dentro do SXC.</p> <p>De todas formas temos que dicir que aínda que o resultado acadado é moi bo, ata o terceiro trimestre non se chegou a un procedemento correcto para facer as enquisas de ARA xa que o profesorado encargado esquecíase e non facía a enquisa por iso deberíamos ter</p>

		máis enquisas realizadas.
	Rigurosidade do proceso	<p>O departamento de acreditación de competencias valora de forma satisfactoria a execución do proceso ARA no centro, por canto que das 71 UCS para acreditar xa se avaliaron positivamente 43. Hai que indicar que están pendentes porque o proceso continua en setembro.</p> <p>Na parte negativa atopamos os candidatos de nivel 1 dos que de 4 UCS asesoradas positivamente solo se demostrou 1 delas por abandono do candidato.</p> <p>O feito de que teñamos candidatos pendentes de avaliar certas UC fai que o niveles 1 e 2 non cheguen a o mínimo exixido polo SXC no terceiro trimestre con un 25 e 60% respectivamente, que esperamos solucionar no mes de setembro.</p> <p>Neste senso, durante o segundo e terceiro trimestre mellorouse o proceso de a través da mellora da comunicación entre as diferentes comisións, xa que nos atopamos no primeiro trimestre que varios candidatos abandonaron o proceso por levar demasiado tempo esperando pola avaliación. Esta continuidade de mellora da comunicación será unha das nosas prioridades para o vindeiro curso.</p> <p>Como aspectos a mellorar desde o departamento indican a necesidade de que a plataforma saque informes máis específicos, por exemplo de abandonos, xa que hai que mirar candidato por candidato e resulta moi trabaloso.</p>
	Grao de satisfacción do alumnado co proceso de acollemento	<p>Neste caso, a puntuación media obtida na enquisa de acollemento do alumnado foi de 3.36, por riba do criterio aceptable. Pero en aras de seguir mellorando o proceso é de interese resaltar que será preciso mellorar a comunicación no que respecta ás datas da presentación de inicio de curso e facer unha maior difusión da guía do alumnado. Hai que ter en conta que este é o noso primeiro curso como CIFP e a realización das diferentes guías foi un dos obxectivos establecidos no plan anual.</p>
	Alumnado que renuncia nalgún dos ciclos réxime ordinario	<p>Neste indicador tivemos 2 alumnos de ordinario que se deron de baixa, 1 alumna de 2º de CM de servizos por enfermidade e 1 alumno de 1º do CM de panadería que renunciou por contrato laboral o que corresponde ao 1.25% do total de alumnado matriculado en ordinario.</p>
	Alumnado con baixa de oficio nalgún dos ciclos réxime ordinario	<p>Neste indicador temos 13 alumnos/as que se deron de baixa de oficio (4 de CM Cociña, 1 de CS de cociña, 3 de CM de Panadaría e 2 de 1º CM de servizos, 2 de 2º CM Cociña, 1 de 2º CM Servizos). No caso do noso centro indicar que este dato sería un 8.17% sobre o total de matrícula un dato aceptable segundo o SXC, pero hai que ter en conta que somos un centro rural con un número moi baixo de alumnado por aula polo que calquera baixa incrementa o %.</p> <p>No caso das baixas de oficio nos ciclos ordinarios, temos un alto número de alumnado que xa cursou outros ciclos no noso centro e en moitas ocasións deixan de vir debido á incorporación ao mundo laboral.</p>
	Alumnado baixa	<p>Neste indicador temos 11 alumnos/as que se deron de baixa voluntaria</p>

	voluntaria nalgún dos ciclos réxime ordinario	(2 de CM Cociña, 3 de CS de cociña, 2 de CS Dirección de servizos, 1 de CM de Panadaría e 2 de CM de servizos, 1 de FPB Panadaría). No caso do noso centro indicar que este dato sería un 6.9% sobre o total de matrícula e incrementa moito o dato xa que ao estar no rural temos pouco alumnado na aula. Aínda así estamos por debaixo do 10% máximo considerado aceptable polo SXC.
	Grao de satisfacción do alumnado coa labor docente	<p>A labor docente recibiu unha valoración positiva cunha media de 3.48, considerada unha puntuación positiva segundo o SXC. Cabe destacar a "baixa" valoración do grupo de FP Básica cunha valoración media de 3.17 aceptable segundo o SXC e 1 docente con valoración non aceptable (2.68 de media), 1º CS de cociña con 1 módulo con puntuación non aceptable (2.62) por parte do alumnado. O curso máis preocupante foi 1º de FPB con unha valoración media de 2.82 e 3 módulos con valoración non aceptable e 2 deles por debaixo de 2.5.</p> <p>Neste senso, a xefatura de estudos reuniuse tanto con profesorado como titores peor valorados para intentar recoñecer as causas desta baixa valoración e propor aspectos a mellorar e ter unha charla co alumnado.</p>
	Alumnado que promociona no réxime ordinario	O 79.06% do alumnado de primeiro de ordinario promociona a segundo curso. Considérase por tanto un dato positivo dentro do SXC.
	Grao de satisfacción do alumnado coa FCT	<p>A valoración do alumnado sobre a FCT foi boa ao longo do curso e con datos similares nos tres trimestres, 3.61 (1T), 3.71 (2T) e 3.54 no terceiro trimestre.</p> <p>A baixada no terceiro trimestre con unha valoración boa ben dada porque é o mes con máis alumnado na FCT e polo tanto a mostra tamén é maior. Dentro das dúas familias profesionais que foron á FCT neste terceiro trimestre (Hostalaría e turismo e Industrias Alimentarias) atopamos unha diferenza considerable en tanto en Hostalaría e Turismo, a familia profesional máis representativa no noso centro obtivo un 3.63 de puntuación, considerada valoración moi boa e industrias alimentarias un 3.54, valoración boa segundo o SXC</p>
	Grao de satisfacción das empresas coa FCT	Aínda que o resultado das enquisas de empresas é positiva moitos ciclos non entregaron este dato no terceiro trimestre polo que non é un dato válido por baixa participación. Este punto terá que ser tratado de mellorar de cara ao vindeiro curso cos titores e titoras de FCT.
	Grao de inserción laboral do alumno	<p>Dos 54 alumnos e alumnas que cursaron FCT este curso, 17 quedaron a traballar na empresa onde realizaron as prácticas o que supón un 31.48% do total, o cal é un dato moi positivo.,</p> <p>Desde o DIOP non se facilitaron datos sobre a bolsa de emprego.</p>
	Grao de cumprimento das accións	<p>En relación ao PR85ORI o grao de cumprimento da coordinación de emprendemento é moi bo xa que se realizaron máis accións das programadas. En total 3 durante o primeiro e segundo trimestre o que segundo o indicador asociado acada o 150% e 2 accións durante o terceiro trimestre que corresponde ao 100% das accións programadas.</p> <p>De cara ao vindeiro curso, a responsable desta coordinación indica que</p>

	programadas	ampliá as accións a programar durante os dous primeiros trimestres e eliminará as do terceiro xa que ao incorporarse á empresa o alumnado de segundo (e moitos máis cara ao vindeiro curso debido á nova lei de FP) é moi difícil encontrar alumnado para que participe nas diferentes charlas propostas durante ese último trimestre do ano.
	Grao de desenvolvemento das programacións	As programacións dos seis departamentos do centro analizaron alcanzaron o mínimo do desenvolvemento do 80%, o que da unha taxa dun 94,44% moi preto do 95% considerado o criterio aceptable. Cabe indicar que o departamento máis grande do CIFP de Vilamarín non entregou a memoria nin o documento relativo de análise das programacións e, polo tanto, este dato non resulta totalmente obxectivo.
	Grao de participación	<p>En relación ao PR85ACF , indicar que dos 19 grupos que temos no centro, 17 participaron en diferentes ACFs, polo que aínda que é positivo o resultado tentárase que o 100% dos grupos fagan algunha ACF.</p> <p>No segundo trimestre e terceiro trimestre 9 grupos realizaron actividades complementarias e extraescolares. Isto débese por unha banda, a que se realizaron actividades ás que o alumnado de segundo xa foi o ano anterior e de que o tempo xusto para a incorporación ás empresas fai que os profesores non programen tantas ACFs.</p> <p>Durante este curso enviamos enquisa de ACF a todo o profesorado responsable das ACFs realizadas para intentar ter unha análise máis precisa sobre a realización das mesmas e en total a media de satisfacción das mesmas foi de 3.36, unha valoración boa segundo o SXC. Os tres departamentos do centro obtiveron resultados similares na media das enquisas de satisfacción de ACF.</p> <p>Con respecto ás ACFs este é un dos puntos onde vemos máis dificultade á hora de cumprir os procesos establecidos polo departamento de calidade. Este curso para intentar obter datos máis obxectivos, solicitamos que se realizara unha enquisa despois de cada actividade realizada pero aínda non conseguimos que o profesorado se acostume a este procedemento.</p> <p>De cara ao vindeiro curso realizaremos a enquisa de ACFs cando lancemos a de satisfacción do alumnado pero seguiremos insistindo no procedemento iniciado este primeiro ano de CIPP.</p>
	Accións de mellora	Ao ser este o noso primeiro ano de CIPP e non tendo como IES accións de mellora programadas do pasado curso, non temos datos históricos para establecer si este indicador está ou non conseguido polo que non se pode ter en conta.
	Reclamacións	<p>A través do buzón de SQR non entrou ningunha suxerencia ou queixa durante este curso.</p> <p>Cabe destacar que este curso modificamos o noso buzón físico que tiñamos no hall do centro por un link na nosa páxina web para facilitar a información a través deste servizo. De cara ao vindeiro curso preténdese dar máis visibilidade deste servizo de comunicación interna da nosa páxina web para que toda a comunidade educativa coñeza o</p>

		<p>lugar onde se atopa o noso buzón online.</p> <p>Na parte positiva atopamos o apartado de reclamacións de notas xa que non tivemos ningunha reclamación no centro.</p>
--	--	--

2 Avaliación de Auditorías e NC do SXC

2.1 Resultado das auditorías internas e externas

Auditoría interna:

Os resultados da auditoría interna foron 5 NC e 3 OBSERVACIÓNS.

En termos xerais pode afirmarse que a auditoría interna transcorreu con toda normalidade e non houbo incidencias que salientar. Podemos dicir que a actitude en todo momento dos inspectores que realizaron a auditoría interna foi moi boa e axudounos a estar cómodos a pesar dos nervios. A auditoría realizouse no despacho de dirección utilizando unha pantalla xigante que nos axudou a ver mellor toda a documentación solicitada.

Esta auditoría celebrouse o día 8 de febreiro co inspector-auditor do noso centro acompañado doutro inspector da zona. Neste caso, o inspector solicitou o día anterior que fixeramos o sorteo do persoal docente o día anterior para comezar antes a auditoría e poder acabar a finais desa mañá. Concretamente quixo auditar a unha persoa por departamento e á xefa do departamento de Orientación.

Unha vez chegado o resultado desa auditoría por parte do centro, tendo en conta que este é o noso primeiro ano como CIFP e non temos datos cos que comparar os resultados obtidos este ano, podemos dicir que en xeral os puntos débiles na mesma son a xefatura do departamento de hostalaría e turismo e o DLG que non dispoñían de documentación obrigatoria. No resto de persoas auditadas, si ben é certo que tivemos unha NC relativa as actas de avaliación, tiñan todo feito e por descoñecemento, tamén por a miña parte que non o recordei, faltaban esas actas de avaliación cun análise máis detallado alumno/a a alumno/a. Neste caso das actas de avaliación é unha das NC que teremos abertas ata o vindeiro curso para realizar mostraxes aleatorias entre titores e comprobar que fan correctamente non só as actas de avaliación senón tamén a de avaliación inicial.

En canto á documentación, fixeron fincapé na parte de xefatura de estudos na trazabilidade de informes individualizados e a autorización do uso da imaxe persoal do centro e en xeral toda a documentación sensible para que estea correctamente arquivada en secretaría.

Dentro dos puntos fortes indicados no resultado da auditoría atopamos:

- Procedemento de compras de comida ("Economato") perfectamente xestionado.
- Gran implicación do equipo directivo e da responsable de calidade para por en funcionamento o SXC.
- Participación con centro en varios proxectos e programas de innovación.
- Boa organización e funcionamento da residencia

Con respecto ás oportunidades de mellora:

- Realizar charlas de boas prácticas do profesorado do centro para que mostre e explique os seus procedementos cualificadores e avaliadores ás compañeiras e compañeiros.
- Realizar formación sobre mellora da convivencia, clima escolar e atención á diversidade.

- Mellorar as actas dos departamentos e das reunións dos equipos docentes co fin de que sexan máis completas e reflectan os acordos.

Na nosa primeira auditoría foron auditados, ademais da dirección e a xefa do departamento de innovación e calidade, a xefatura do departamento de información e orientación profesional (Mónica Noda), xefe do departamento de hostalaría e turismo (Jacobo Luis Rodríguez Hermida Montes), coordinadora de Innovación e formación do profesorado (Natividad Neira Mato), coordinador do equipo de dinamización da Lingua Galega (Francisco Vidal Garcia), titor do departamento de hostalaría e turismo (Antonio González Puga), profesor do departamento de agraria (José Manuel García López), titor departamento de industrias alimentarias (Manuel Ángel Garea Rodríguez) e profesora de hostalaría e turismo (Ana Isabel Martín Blanco).

En canto aos resultados acadados detectáronse a modo de resumo, 5 NC, 2 relativas ao PR74CIN, outras 2 relativas ao PR81PLA e a última relacionada co PR85ORI e 3 observacións, unha delas relacionada tamén co PR74CIN, outra co PR85AVA e a última co PR85ACF

Das 5 NC detectadas na auditoría, 2 xa están pechadas xa que se solucionaron de forma inmediata e outra NC, seguindo instrucións da auditora externa aglutínámola noutra xa que a NC e as causas son as mesmas.

Neste momento seguimos con 2 NC abertas que pretendemos pechar, se as accións e seguimentos saen ben, no primeiro trimestre do vindeiro curso.

Auditoría Externa:

Os resultados da auditoría externa foron 0 NC e 3 OBSERVACIÓNS

A auditoría externa realizouse no mes de abril, concretamente o día 18, durante toda unha mañá e recíbese o informe da mesma aos vinte días aproximadamente. Durante esta xornada a auditora de AENOR solicitou ao profesorado auditado unha serie de documentación, transcorrendo a mesma con normalidade. Neste caso o sorteo realizouse o mesmo día da auditoría. Xunto coa auditora AENOR estivo presente case toda a mañá o noso inspector do centro.

Durante o transcurso da xornada, Pepa, a auditora de AENOR, tivo especial interese nas programacións e concretamente no punto 5 e nos mínimos exigibles, comprobando si a avaliación das actividades de aula (exames, traballos etc..) se correspondían co programado. Fixo tamén fincapé en onde se atopaba a documentación dos docentes para que en caso de baixa o substituto tivera todo á súa disposición (cadernos de aula en Abalarbox, seguimentos da programación, informes individualizados etc..).

Outros dos aspectos nos que máis se fixaron foron as memorias e programacións de xefaturas de departamento onde se fixo fincapé en que as programacións para o vindeiro curso se deben de facer tendo en conta en primeiro lugar as funcións do departamento e de aí extraerán as súas fortaleza e debilidades para realizar un DAFO correcto e en consecuencia obxectivos nos que se recollerán as prioridades do departamento.

Do informe final desta auditoría pódese extraer un bo traballo en xeral por parte do equipo docente tendo en conta que non tivemos ningunha non conformidade e isto nos da máis forza para seguir traballando no sistema de calidade. Tamén é certo que ao ser o noso primeiro ano entendemos que a auditora non foi tan esixente, pero estamos xa a traballar coas observacións detectadas na auditoría.

No caso da auditoría externa foron auditados: A xefa do departamento de Industrias Alimentarias (Rosa Celi Mouteira), Xefa do departamento de francés (Paloma Hermida), Xefa do departamento de Empresas (Natividad Neira), profesora de Fol (Paz Senande), titora de ciclo dual (Elena Leira) e profesor de Hostalaría e turismo (Alberto Otero), ademais da secretaría do centro e algún documento máis solicitado á directora.

Puntos fortes do CIFP de Vilamarín indicados na auditoría externa:

- Destacar a predisposición, o interese e o bo facer o Equipo Directivo na recente implantación do Sistema de Xestión.

- Detalle na análise de información recollida en Informe de Revisión por Dirección, de data 22/02/2024.
- Completa identificación de necesidades e expectativas asociadas a partes interesadas, sobre todo tendo en conta a novidade do rexistro, por tratarse de centro de nova incorporación. Do mesmo xeito, trazabilidade entre a análise de contexto, e a identificación de riscos e oportunidades, levada a cabo pola Dirección do centro.
- Valoración de satisfacción co proceso de acollemento, mostrado polo profesorado do centro.
- Destacar a análise de resultados de satisfacción da labor docente levada a cabo pola Xefatura de Estudos, así como a planificación de accións naqueles casos nos que se considera preciso, e o seguimento das mesmas (Elaborados informes para o profesorado que non acadou os valores esperados, con análise de causa e planificación completa de accións).
- Rexistro de Seguimento de Plan de Convivencia, onde se recollen obxectivos a acadar, así como completa planificación de accións asociadas.
- Protocolo de Xestión de FCTs elaborado pola Coordinadora de Relación con Empresas, para facilitar a labor dos titores das FCTs.

Observacións.

- En relación a xestión de non conformidades e accións correctivas, obsérvase:
 - a) Non conformidades derivadas de auditoría interna para as que, a causa indicada non reflexa a posible orixe da mesma.
 - b) En canto á planificación de accións, o non terse detectado as posibles causas que dan orixe á non conformidade, non se planifican de xeito completo accións que permitan eliminar as mesmas (En casos concretos unha única acción que, de primeiras, non permite garantir o peche eficaz da non conformidade).
- En relación ás memorias e programacións auditadas (Departamentos e Coordinación, así como Área de Administración e Xestión), obsérvase, de xeito xeral (A ter en conta que se trata de centro de recente incorporación, sen sistema de xestión implantado en curso 2022-2023):
 - Memorias onde se observa escasa análise dos datos recollidos nas mesmas.
 - Programacións:
 - a) DAFO onde, de primeiras, non se tiveron en conta tódalas liñas de actuación /funcións, do Departamento /Coordinación, de xeito que a información recollida non reflexa de xeito completo as principais debilidades/fortalezas/ameazas/opportunidades de dito Departamento / Coordinación / Área (Deberase ter en conta que dita análise de contexto vai ser o punto de Páxina 22 de 50 R-DTC-002.29 N^o Observacións partida para a definición de obxectivos nos que se vai a centrar a mellora do curso, indicadores asociados, etc.).
 - b) Obxectivos que non recollen parte das prioridades nas que se está a traballar dentro de ditos Departamentos /Coordinacións.
- A data de auditoría obsérvase, non se recolle seguimento trimestral de indicadores de ensino aprendizaxe, por parte de Departamentos de Francés e Industria Alimentaria (sí por parte do centro).

Xeral auditorías

Da lectura dos informes, o centro tivo a impresión de que a pesar de ser o primeiro ano de CIFP estamos facendo ben as cousas, quizás por ser un centro pequeno. Estas auditorías axúdannos a traballar máis sobre o seguro, é dicir, saber cales son os nosos puntos fortes e en cales temos que traballar máis a fondo.

Como non temos con que comparar, este ano non podemos extraer moita información das mesmas.

En xeral podemos dicir que en ambas as dúas o ambiente foi distendido, o que axudou a que o persoal estivera máis tranquilo e aínda que foi intenso porque non paramos nada, foi mellor así porque non tivemos que esperar para a tarde.

Desde o sentir xeral do profesorado que me chega de forma informal, con respecto ao SXC, cabe destacar a importancia da plataforma EDUCALIDADE, xa que facilita moito o traballo de todos e nese sentido o profesorado está contento con ter esta axuda para adaptarse ao sistema de calidade.

Finalmente no caso das auditorías, **propoñer como mellora** que no caso de persoal docente que non teña a documentación obrigatoria auditados ou non, despois de solicitarlla desde esta xefatura ou a área correspondente, creo que sería importante que desde inspección se actuara de forma máis contundente xa que ao non pasar nada, damos a sensación de que en realidade da o mesmo facer o traballo correctamente ou non e desde logo non axuda ao noso traballo como xefes de calidade.

Por outra banda, gustaríanos propoñer que haxa maior coordinación da información e requirimentos entre inspectores/auditores/rede CIFP, xa que ás veces a información que nos chega aos centros por diferentes vías é, cando menos, aparentemente contraditoria nalgún caso.

3 Revisión do DAFO/Partes interesadas/Riscos e Oportunidades

Durante o curso non houbo necesidade de modificación dos documentos, agás para facer seguimento no documento de riscos e oportunidades.

Na auditoría externa se indica, con respecto a esta parte *“Completa identificación de necesidades e expectativas asociadas a partes interesadas, sobre todo tendo en conta a novidade do rexistro, por tratarse de centro de nova incorporación. Do mesmo xeito, trazabilidade entre a análise de contexto, e a identificación de riscos e oportunidades, levada a cabo pola Dirección do centro”* polo que esta observación da auditora serve de gran axuda de cara a realizar este apartado para o vindeiro curso, xa que ao ser este o noso primeiro ano de CFIP non sabiamos si esta ben analizado ou non.

Con respecto aos riscos e oportunidades que aparecen reflectidos no MD61RIS01, todos se trasladaron a obxectivos de plan anual agás 3 deles, planificación e xestión e compras, prevención de riscos laborais e fomento da vida saudable, que comentamos a continuación.

Con respecto ao risco de planificación hai que indicar que no terceiro trimestre comezaron as obras orzamentadas para a ampliación dos talleres de pastelería polo que esperamos que este Risco asociado á planificación do centro se converta nunha oportunidade implementada de cara á mellora de matrícula e ampliación de ciclos no noso centro.

Con respecto á prevención de riscos, e máis tendo en conta que somos un centro de Hostalaría e Turismo, as partes interesadas serían as empresas, o responsable do economato e o secretario do centro. Para evitar este risco, desde economato se controlan todas as mercancías recibidas e inmediatamente se introducen nas cámaras pertinentes para evitar que se perda esa mercancía. Para que as materias primas sexan o máis frescas e de calidade posible, tentamos que as nosas empresas sexan da contorna.

Con respecto ao fomento de vida saudable, levamos ofertando ao noso alumnado máis vulnerable de FPB uns almozos saudables ás 8.30 da mañá cando chegan das súas casas. Se ben é certo que a principio de curso non tiña moito éxito vemos que son cada vez máis o alumnado que xa almorza con ese servizo. Por outra banda, ofertamos un almorzo de familia para o alumnado que se atopa na residencia onde sempre hai pratos de verduras, peixe ou pescado e froita.

Vendo o análise dos riscos, consideramos que se minimizou ou practicamente desapareceu e converteuse nunha oportunidade para o noso alumnado, o poder ter un bo servizo no centro, xa que moitos dos nosos alumnos chegaban mesmo sen almorzar das súas casas.

Con respecto aos Riscos e Oportunidades e o seguimento da eficacia das accións levadas a cabo poderemos comprobar a súa eficacia de cara ao vindeiro curso.

4 Satisfacción das partes interesadas

4.1 Análise Enquisas

Acollemento do alumnado	ACF	Satisfacción labor docente	Formación	Satisfacción do persoal	FCT Empresa	FCT Alumnado	Acreditación de Competencias
3.38	3.37(1T) 3.37 (2T)	3.48	3.59 (1T) 3.22 (2T)	3.27	3.95 (1T) 4 (2T)	3.61 (1T) 3.71 (2T) 3.54 (3T)	3.93 (2T) 4 (3T)

ENQUISA	VALORES ACADADOS	PARTICIPACIÓN	VALORACIÓN BREVE
Acollemento do alumnado	Valoración Media: 3.38 Máx; 3.59 Mín: 3.24	74.85% do alumnado	SATISFACCIÓN XERAL BOA: o aspecto menos valorado polo alumnado está relacionado coa facilidade para atopar datos sobre o acto de presentación do curso escolar, polo que de cara ao vindeiro curso informárase ao alumnado cando veña a matricularse cal será o proceso a seguir para o día de presentación.
Labor docente	Valoración Media: 3.48 Máx; 3.87 Mín: 2.82	71.29% do alumnado	SATISFACCIÓN XERAL BOA: O ciclo peor valorado foi o de FPB de cociña e restauración e o mellor valorado foi o de modular de adultos de tarde. Con respecto á valoración de algún docente nese ciclo de FPB que foi moi deficiente, a xefa de estudos reuniuse con eles para tratar de reverter o malestar do alumnado con charlas de boas prácticas sobre a súa labor docente. Este ano ao ser o noso primeiro ano non fixemos outra enquisa pero de cara ao vindeiro curso, en caso de que volva a haber malas valoracións de algún docente, volverase a facer unha nova enquisa para ver si realmente as charlas son efectivas.
ACF	Valoración Media: 3.17 (1º trimestre) 3.37 (2º trimestre)	67.47% (1º trimestre) 70.89% (2º trimestre)	SATISFACCIÓN XERAL BOA: As ACFs do centro acadaron unha media boa tanto no primeiro como no segundo trimestre. Hai que ter en conta que no primeiro

	Máx; 3.47 – 3.37 - Mín: 2.87 – 3.36	trimestre)	trimestre os ciclos de Industrias alimentarias acadaron un valor aceptable pero no segundo trimestre xa a valoración foi boa. As enquisas realizadas no terceiro trimestre relativas ás ACF non foron válidas xa que tiveron unha participación moi inferior ao 50% de participantes. En xeral o alumnado comenta que lles gustaría máis saídas relacionadas cos sectores produtivos.
Formación	Valoración media: 3.4	68.75%	SATISFACCIÓN XERAL BOA: Celebrouse unha formación de Abalar Pro coa participación de 11 profesores indicando que moitos xa coñecían a ferramenta e por iso a baixa participación e outra de xestión de redes sociais con 8 participantes. En liñas xerais o profesorado non participou moito na formación interna proposta pola coordinación, agás a do terceiro trimestre, no curso sobre o emprego da intelixencia artificial con fines educativos que finalmente foi xestionada polo CFR e por iso non aparece reflectida nesta valoración pero na que participaron 22 docentes e cun resultado de enquisa enviada polo CFR de 4.86 (sobre cinco) cunha participación na enquisa do 72.72%.
Persoal do centro	Valoración Media: 3.27 Máx; 3.38 Mín: 2.88	58.97% do persoal	SATISFACCIÓN XERAL BOA: Aínda que o resultado medio foi boa, cabe destacar que a parte da utilidade do sistema de xestión de calidade saíu como o peor valorado. O resto de ítems practicamente saíron con unha puntuación similar.
FCT empresa	Valoración Media: 3.79 3.95 (1T) 4 (2T) 3.42(3T) Máx: 4 Mín: 3.42	50,00 %	SATISFACCIÓN XERAL BOA: Aínda que o resultado medio foi bo, cabe destacar que a parte da utilidade do sistema de xestión de calidade saíu como o peor valorado. O resto de ítems practicamente saíron cunha puntuación similar.
FCT alumnado	Valoración Media: 3.6 3.57 (1T) 3.71 (2T)	100%(1T E 2T) 3T (75%)	SATISFACCIÓN XERAL MOI BOA. Tense en conta o terceiro trimestre nesta valoración ao ser no que máis alumnado do centro participou. Hai que ter en conta que dos 6 grupos de segundo en

	<p>3.54 (3T)</p> <p>Máx; 3.8 – 4 – 3.75</p> <p>Mín: 3 – 3 – 3.33</p>		<p>prácticas, o CM de cociña e gastronomía non cubriu ningunha enquisa, a pesar de ter recordado aos titores da obrigatoriedade de realizar a mesma. O ciclo de FP Básica de cociña e restauración participou un 50% de alumnado o que non se considera válido segundo o SXC e o resto de grupos de segundo estivo entre o 66.67% de participación os que menos e o 100% de participación os que máis.</p> <p>O aspecto menos valorado polo alumnado está relacionado coa adecuación da empresa para realizar a FCT segundo o ciclo estudado aínda que sempre con valoración boa (3.3) e a mellor valorado foi si facilitaron directrices e información que lles axudaron ao desenvolvemento das actividades.</p> <p>Outro aspecto a valorar na enquisa é a valoración moi alta de 3.71 por parte do alumnado relativa á documentación recibida da FCT por parte dos titores e do centro educativo</p>
Acreditación de competencias	<p>Valoración Media:</p> <p>3.96</p> <p>3.93 (2T)</p> <p>4 (3T)</p> <p>Máx; 4</p> <p>Mín: 3.6</p>	<p>71.43% (2T)</p> <p>100% (3T)</p>	<p>VALORACIÓN XERAL MOI BOA. Ao ser este o primeiro ano como CIFP, comezamos tarde a realizar as enquisas e durante os primeiros meses do curso o profesorado, ao non estar acostumado á dinámica de realizar enquisas, tivemos moitas delas que non foron cubertas como foi o caso da familia de agraria. No obstante, podemos ver nos últimos meses que a tendencia vai cambiando, e xa o profesorado se vai habituando a solicitar esta enquisa de forma normal o que nos axuda a valorar o noso traballo e a mellorar si fose preciso.</p>

4.2 Análise SQRs

No actual curso non se produciron nin suxestións, queixas e/ou reclamacións. Un dos aspectos a mellorar neste apartado será mellorar a comunicación con toda a comunidade educativa para facilitar que todos e todas coñezan o apartado da nosa web onde se atopa o buzón de suxerencias e queixas.

5 Valoración de Proveedores

En relación cos provedores destacar dúas incidencias:

- Incidencias positivas: En relación ao economato, este curso colaboraron coordinados polo xefe do departamento de Hostalería e Turismo dúas profesoras apoiando a súa xestión e actualización tanto na xestión como na organización de pedidos destacando a busca de novos provedores cando se necesitou.

Destacar a marxe de pago dada polos provedores para pagar as súas facturas

- Incidencia negativas: Procedeuse ao cambio de empresa das máquinas vending do centro por non dispor de máquinas con métodos de pago telemáticos e unha escasa oferta. Indicar se houbo algunha incidencia destacada (positiva ou negativa) tanto cos provedores de produtos e servizos como os de mantemento (empresas mantenedoras). Se non hai nada que destacar, indicar isto mesmo.

6 Recursos: adecuación e necesidade

Recursos materiais:

No apartado de recursos materiais, cabe indicar que, este curso comezou a ampliación do obradoiro de panadaría-pastelería que se levaba demandando desde fai moitos anos e, a día de hoxe, xa se ten solicitado tamén o equipamento e mobiliario que se precisa de cara a equipar os novos espazos.

Adosarase a nova edificación á actual, pola súa banda norte, facendo unha planta de soto destinada vestiarios e limpeza, a planta baixa (á mesma cota que a actual), para aulas-talleres e despacho de venda dos produtos de obradoiro, e con acceso desde a zona de cociñas existente e unha planta baixo cuberta para adicala a almacenaxe de material e distinto equipamento de panadaría e pastelería.

A planta baixa divídese en tres grandes aulas/talleres, unha de panadaría e outros dous espazos adicados á pastelería. Haberá un corredor de "limpo" de acceso ás devanditas aulas e un despacho adicado á venda de produtos de obradoiro. Na parte posterior das aulas quedará un espazo para corredor de "sucio" para sacar o lixo e os refugallos e non interferir co alumnado. A planta terá un acceso desde a entrada a unha escaleira pola que se baixará aos vestiarios da planta do soto.

As tres aulas e o despacho de venda, complementaranse posteriormente cos diversos equipos de xeración de calor, equipos de xeración de frío, equipos electromecánicos e o diferente mobiliario necesario, xa solicitado.

En total, trátase dunha ampliación de 702,32 m² de superficie útil e de 955,29 m² de superficie construída. Deste xeito, tentarase darlle cumprimento á normativa vixente en materia de prevención de riscos e de seguridade laboral e hixiénico sanitarias, así coma ao disposto nos diferentes currículos das familias profesionais de industrias alimentarias e de hostalaría e turismo.

Por orde de prioridade, este curso 2023/24 foille solicitada á unidade técnica da Xefatura Territorial de Educación de Ourense as melloras precisas e inminentes do CIFP de Vilamarín:

- Peche do centro educativo coa delimitación e separación da zona da hípica por motivos de seguridade do alumnado e co fin de evitar danos nos invernadoiros do centro educativo e a circulación de cabalos e persoas alleas ao centro na fin de semana.

- Corrección das ventás do terceiro andar do edificio principal (Velux) por filtrado de auga debido ao mal illamento xerado co cambio da cuberta realizado fai 3 anos.

- Cambio das ventás de toda a zona sur do centro educativo coa incorporación da correspondente persianas (que agora non teñen) por eficiencia enerxética, por ventilación e co fin de poder realizar unha correcta proxección nas aulas.

- Adecuación da terraza da zona da residencia do centro pois filtra auga de choiva e por perigo de caída e/ou derrube.
- Cambio da cuberta do edificio de agraria pois a actual contén amianto, evitando deste xeito, os posibles perigos para saúde do persoal usuario deste espazo que pode supoñer.

Recursos Humanos:

En canto aos recursos humanos, no relativo ao persoal docente:

Dos 53 docentes que compuxeron o claustro do CIFP de Vilamarín durante o curso 2023/24, tan só 29 deles contan con destino definitivo no centro, ao converternos en CIFP e ao ter que asignar todas as xefaturas de departamentos didácticos, non didácticos, coordinacións e cargos segundo se establece nas funcións dos centros integrados de formación profesional recollidas no *artigo 6 do Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, resultou de gran dificultade, organizar e xestionar, co persoal docente que tivera destino definitivo no centro, unha estrutura interna distribuída en tres áreas funcionais co fin de afrontar os fins e as funcións propias destes centros, mellorar as relacións coa comunidade e co ámbito produtivo e fomentar as relacións e o intercambio de experiencias entre os centros integrados, tendo que asumir diversos membros do claustro varias coordinacións e xefaturas de departamentos ao mesmo tempo.

Do mesmo xeito, cabe indicar que, dos 29 membros do claustro con destino definitivo no centro, seis deles atópanse ou ben en comisión de servizo noutros centros ou contan cunha liberación sindical e mesmo un deles acolleuse á xubilación voluntaria con data 31 de xaneiro e outro a 31 de agosto de 2024 á xubilación forzosa por idade. Polo tanto, a día de hoxe, tan só 23 docentes teñen destino definitivo no CIFP de Vilamarín. A mobilidade do profesorado interino é constante e, cos datos expostos, resulta moi complexo establecer unha estrutura organizativa que teña continuidade no tempo e o desgaste que implica.

En canto aos recursos humanos, no relativo ao persoal non docente:

Neste punto debemos sinalar que este colectivo amosa un importante índice de baixas laborais e o problema co que nos atopamos e que estas baixas tardan en ser cubertas por persoal substituto o que repercute no correcto desenvolvemento e funcionamento do centro.

Ao ser un centro educativo cunhas características específicas propias e distintas ao resto de centros, xa sexa polas familias profesionais coas que contamos, pola residencia escolar ou ben polos horarios dos distintos ciclos formativos que se ofertan ou das accións formativas para desempregados de nivel 2, no que a súa formación se alonga ata finais do mes de outubro incluíndo xullo, a carga de traballo que soporta o persoal non docente, por enriba de todo, no primeiro e segundo trimestre, é elevado.

Accións a emprender:

En relación aos recursos materiais expostos no apartado anterior, cabe indicar que, xa se teñen solicitadas, ao longo deste curso, todas as accións de mellora indicadas á autoridade competente, tanto para a adecuación de espazos coma a solicitude do equipamento e mobiliario que se precisa de cara a prover os novos espazos. De todos os xeitos, recordarase continuamente as solicitudes precisas para un correcto funcionamento do centro educativo.

No que respecta aos recursos humanos, solicitarase máis persoal docente con destino definitivo e, deste xeito, tentar de mitigar a carga de traballo de xestión nun mesmo docente por ter que levar diversas coordinacións e/ou xefaturas de departamentos.

No referente ao persoal non docente, naqueles casos nos que se demoren as substitucións por incapacidade temporal dos titulares, realizarase un informe xustificado da necesidade da cobertura da praza de xeito detallado e elaborarse, sempre e cando sexa posible, un plan de cobertura provisional e urgente.

7 Necesidades de cambio no sistema

- A documentación que se utiliza a principios de curso non se modifique ao longo do mesmo xa que dificulta o traballo dos docentes e crea máis insatisfacción co sistema.
- Solicitar unha continuidade tanto en documentación como en procesos e calendario para afinar sistema entre o equipo docente xa que os cambios continuados fan que o SC sexa o peor valorado dentro da enquisa de satisfacción da labor docente.
- Traballar para mellorar a satisfacción do profesorado co SXC, que é o que máis problemas está causando neste momento , en base ao indicado no punto anterior.
- Mellorar o número de profesorado que realiza correctamente a documentación de calidade e a sube á plataforma facendo un seguimento por parte de inspección a aquel profesorado que por sistema non fai nada pero tampouco ten ningunha repercusión negativa para eles.
- O modelo de Riscos e Oportunidades é demasiado extenso e penso que se podería eliminar ou poñelo máis sinxelo xa que é moi difícil tanto de realizar como de comprender.

8 Propostas de mellora

Entradas	Saídas
Oportunidades de mellora	Propostas/accións
Realizar para todas as guías, un documento visual (diagrama) dos procesos máis importantes. <i>Fonte de procedencia: Área de Innovación e calidade</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo).
Solicitar á XUNTA pagos con máis rapidez <i>Fonte de procedencia: Secretaría</i>	<i>Si, para o curso próximo</i> <i>(Como Oportunidade no documento de riscos e oportunidades)</i>
Incluír en cada reunión do departamento de Innovación e calidade un apartado de Indicadores para recordarlles a obrigatoriedade de solicitar eses datos a quen corresponda. <i>Fonte de procedencia: Xefatura de Innovación e Calidade</i>	Si, para o curso próximo (Como obxectivo da xefatura de Innovación e calidade)
Realizar charlas de boas prácticas do profesorado do centro para que mostre e explique os seus procedementos cualificadores e avaliadores a compañeiros/as. <i>Procedencia: Auditoría interna</i>	Si, como acción inmediata a realizar en setembro e información en claustro para que todos os docentes estean informados.
Realizar formación sobre mellora da convivencia, clima escolar e atención á diversidade <i>Procedencia: Auditoría interna</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo dentro dos posibles PFPP)
Mellorar as actas de departamentos e das reunións de equipos docentes co fin de que sexan máis completas e reflectan os acordos. <i>Procedencia: Auditoría interna</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo dentro dos posibles cursos de formación interna)
Informar ás xefaturas de departamento os aspectos a ter en conta á hora de realizar as súas programacións a inicio de curso (ROC – DAFO-OBXECTIVOS) <i>Procedencia: Auditoría externa</i>	Si, como acción inmediata a realizar en setembro en reunión de Área de Formación e Xefatura de Calidade e Innovación.
Seguir cos plans de formación e innovación, PFPP e proxectos <i>Procedencia: Área de Innovación e calidade</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo).

Procura de novas empresas para colaboración do currículo de ciclos Dual, tendo en conta a nova lei de FP <i>Procedencia: Área de Innovación e calidade</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo).
Desenvolver un plan estratéxico de promoción do CIFP durante todo o curso 2024/25 co obxectivo de captar alumnado para aumentar a matrícula. <i>Procedencia: Área de Innovación e calidade</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo).
Mellora da comunicación interna a través do uso da axenda compartida do correo corporativo. <i>Procedencia: Área de Innovación e calidade</i>	Si, para o próximo curso (como obxectivo).

Vilamarín, 8 de xullo de 2024

Asdo. Eva Fachado Rubio